

Plaza número: 23/5014

Número de plazas: 1

Categoría: Ayudante Doctor/a

Dedicación: Tiempo Completo

Área de conocimiento: Lengua Española

Departamento: Letras

Docencia: 613G01001 Lengua Española 1

613G01043 Cuestiones de Historia de la Lengua Española

613G01047 Análisis Lingüístico de Textos Españoles

Centro: Facultad de Filología

Vista la propuesta formulada por la Comisión encargada de juzgar el concurso para la provisión de la plaza arriba indicada,

Visto el acuerdo adoptado por la Comisión de Reclamaciones en su reunión del 8 de septiembre de 2023, en el que ratifica la propuesta de la Comisión de Selección,

Este Rectorado, en uso de las facultades que le confiere el art. 36 de los Estatutos de la Universidad de A Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de mayo (DOG do 26), y en aplicación de lo dispuesto en el apartado 10 de la Normativa por la que se regula el procedimiento para la selección de personal docente e investigador interino y laboral contratado, que se aprueba por acuerdo del Consello de Goberno del 30 de abril de 2014, resuelve asignar la referida plaza al concursante **D./D^a. M^a EUGENIA CONDE NOGUEROL**.

Contra la presente Resolución, que agota la vía administrativa, se podrá interponer un recurso contencioso-administrativo en el plazo de dos meses, que se contarán desde el día siguiente al de su notificación o publicación, de conformidad con el artículo 46 de la Ley 29/1998, do 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso-administrativa. Previamente, y con carácter potestativo, se podrá interponer un recurso de reposición ante este Rectorado, en el plazo de un mes, de acuerdo con lo establecido en el artículo 123 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas (BOE de 2 de octubre de 2015).

A Coruña, en la fecha de la firma digital

El rector,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	2bhQOTpgRkWRbCdgtNiVA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	29/09/2023 09:43:09
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/2bhQOTpgRkWRbCdgtNiVA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 8 de setembro de 2023, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Reclamación Praza: 23/5014

Praza: 23/5014

Categoría: Axudante doutor/a

Área de Coñecemento: Lingua Española

Departamento: Letras

Docencia: 613G01001 Lingua Española 1, 613G01043 Cuestións de Historia da Lingua Española, 613G01047 Análise Lingüística de Textos Españóis

Centro: Facultade de Filoloxía

A Comisión de Reclamacións tras analizar o contido das reclamacións presentadas por dona Natalia Rojo Mejuto e María Eugenia Conde Noguero, a documentación das candidatas e os informes realizado pola comisión encargada da selección da praza de 28/07/2023 ratifican todos os puntos dos anteditos informes e estiman axeitada a proposta realizada pola Comisión de Selección.

Acordase a incorporación dos informes da Comisión de Selección de 28/07/2023 á publicación da resolución do concurso.

A Coruña,

Informe da comisión de selección da praza 23/5014 de Axudante doutor/a na área de Lingua Española sobre a reclamación ás puntuacións outorgadas presentada pola candidata María Eugenia Conde Noguero

Os membros da comisión de selección (Félix Córdoba, como presidente, Ignacio Pérez Pascual, Esperanza Acín e Luis González, en calidade de vogais, e Teresa López, actuando como secretaria), reunidos ás 12 h do día 28 de xullo de 2023 no Decanato da Facultade de Filoloxía, acordan por unanimidade a emisión do seguinte informe:

1. A comisión ratifícase nas puntuacións outorgadas, calculadas de acordo co baremo da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014) e aténdose aos criterios de baremación aprobados pola propia Comisión.

2. En relación coas alegacións puntuais realizadas pola reclamante manifestan:

2.1. Bolsas predoutorais (II.5)

A normativa establece que para "a valoración dunha bolsa ou bolsa-contrato, presentárase a convocatoria desta e un certificado do período efectivo de goce por parte do organismo ou centro que a concede, ou polo órgano competente da reitoría da universidade de desenvolvemento desta ou autoridade competente do centro de investigación de acollida". A reclamante non presenta o certificado efectivo de goce, por tanto, a comisión non puido valorar o mérito.

A bolsa da Fundación Ramón Areces é unha bolsa para a realización de estudos, por tanto, non é homologábel ás recollidas nesta sección do baremo. Cabe acrecentar que non se presenta o certificado do período efectivo do goce.

2.2. Estadías predoutorais (II.6)

A normativa establece que para "acreditar a estadía presentárase o permiso oficial do centro de orixe, a invitación do centro receptor e a certificación deste sobre a realización da estadía e a súa duración".

A reclamante non presenta permiso oficial do centro de orixe, por tanto, a comisión non puido valorar o mérito alegado.

2.3. Dirección de traballos de fin de grao e mestrado (III.2)

A normativa establece que "as puntuacións dos apartados III.1 a III.6 poderán multiplicarse por un coeficiente entre 0 e 1 segundo a súa afinidade á área".

A maior parte dos traballos alegados pola reclamante foron considerados pola comisión alleos á área. A puntuación final obedece á valoración dos traballos que, a xuízo da comisión, estaban relacionados coa área de Lingua española.

2.4. Contribucións de relevancia científica relacionadas coa área presentadas en congresos (IV.1)

A normativa establece que para "valorar os pósteres e comunicacións orais presentárase a copia do texto e a certificación do comité organizador do congreso que acredite a exposición/comunicación deste".

A reclamante presenta as certificacións mais non as copias dos textos, limitándose a achegar algunhas diapositivas ou páxinas sempre do inicio das comunicacións. En aplicación da normativa, a comisión non puido valorar os méritos alegados.

2.5. Organización de congresos e simposios (V. 6)

Código Seguro De Verificación	vPwRdElxBqwsW6W18CR8VQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Filoloxía - Félix Córdoba Rodríguez	Asinado	28/07/2023 12:36:05
	Director/a Departamento Letras - María Teresa López Fernández	Asinado	28/07/2023 12:34:56
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vPwRdElxBqwsW6W18CR8VQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Os méritos alegados pola reclamante nesta sección son principalmente de organización de xornadas e seminarios, por tanto, non se corresponden cos contemplados nesta sección da normativa (congresos e simposios).

O III Congreso Internacional de Educación, Innovación e TIC non foi valorado ao considerar a comisión que non tiña relación coa área de Lingua Española.

2.6. Outros méritos (V.7)

O baremo establece que nesta sección "Poden incluírse, entre outros, ser avaliador de publicacións periódicas, a avaliación como investigador da ANEP, formar parte de comisións avaliadoras de proxectos".

Consoante co rango de méritos fixados normativamente, dos méritos alegados pola reclamante, a comisión valorou a avaliación de artigos para revistas científicas segundo a categoría da revista (0,2 puntos).

2.7. Actividade profesional (VI.1)

O baremo establece que para valorar os méritos nesta sección é "imprescindible presentar documentación acreditativa da relación contractual e dos postos e funcións desempeñados". A reclamante non presenta documentación acreditativa da existencia dunha relación contractual.

Na Coruña a 28 de xullo de 2023.

A secretaria

Vº Bº O presidente

Teresa López

Félix Córdoba

Código Seguro De Verificación	vPwRdElxBqwsW6W18CR8VQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Filoloxía - Félix Córdoba Rodríguez	Asinado	28/07/2023 12:36:05
	Director/a Departamento Letras - María Teresa López Fernández	Asinado	28/07/2023 12:34:56
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/vPwRdElxBqwsW6W18CR8VQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Informe da comisión de selección da praza 23/5014 de Axudante doutor/a na área de Lingua Española sobre a reclamación ás puntuacións outorgadas presentada pola candidata Natalia Rojo Mejuto

Os membros da comisión de selección (Félix Córdoba, como presidente, Ignacio Pérez Pascual, Esperanza Acín e Luis González, en calidade de vogais, e Teresa López, actuando como secretaria), reunidos ás 12 h do día 28 de xullo de 2023 no Decanato da Facultade de Filoloxía, acordan por unanimidade a emisión do seguinte informe:

1. A comisión ratifícase nas puntuacións outorgadas, calculadas de acordo co baremo da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014) e aténdose aos criterios de baremación aprobados pola propia Comisión.

2. En relación coas alegacións puntuais realizadas pola reclamante manifestan:

2.1. Cursos de mestrado universitario e doutoramento (II. 1)

A puntuación outorgada á reclamante (15,17 puntos) é resultado da regularización da cualificación obtida no mestrado (9,48 puntos) aos 8 puntos como máximo que establece o baremo (7,584 puntos) e de multiplicar esta por 2, ao considerar a comisión que o mestrado cursado tiña a máxima vinculación coa área.

2.2. Outras accións de formación (II.4)

A comisión valorou os diplomas que acreditan o coñecemento de linguas consoante os criterios fixados polo baremo. O CELGA 4 foi valorado con 2 puntos.

Os cursos de formación docente universitaria e outros cursos relacionados co perfil da praza foron valorados segundo o máximo establecido polo baremo (0,25 puntos por cada 10 horas). Non foron valoradas as asistencias a xornadas ou congresos. Con estes criterios, os cursos realizados suman un total de 558 horas, co resultado de 13,95 puntos en aplicación da puntuación máxima recollida no baremo.

2.3. Bolsas predoutorais (II.4)

As bolsas (ou contratos) valorados nesta sección son aquelas ás que só poden optar titulados universitarios, principalmente as dirixidas a apoiar a realización da tese de doutoramento. Na tipoloxía de bolsas que o baremo recolle figuran tamén as "Bolsas de colaboración para a investigación con cargo a proxectos de investigación".

A bolsa de colaboración alegada pola reclamante é unha bolsa de colaboración convocada pola UDC para estudiantado de grao, e non foi valorada por non axustarse a ningún dos tipos de bolsas ou contratos recollidos nesta sección do baremo.

2.4. Outros méritos docentes (III. 7)

A comisión de selección é soberana á hora de establecer as valoracións dentro do marco normativo vixente, polo que non caben comparacións con concursos anteriores de prazas de diferente categoría xulgados por unha comisión diferente.

O baremo recolle que nesta sección será valorada "Docencia regrada noutras institucións universitarias, teses de licenciatura, titorización DEA, materias/seminarios de libre elección non incluídas no plan de estudos, formar parte de grupos departamentais de calidade etc." cunha puntuación máxima de 5 puntos. A reclamante obtivo 5,12 puntos, resultado de valorar a docencia (non regrada) de Español como lingua estranxeira nos Cursos Internacionais da Universidade de Salamanca, no Centro de Linguas da UDC e nos Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela (4 puntos), o proxecto Puntal

Código Seguro De Verificación	0Kqw47Z9UoIr/Zc4fpKagA==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Filoloxía - Félix Córdoba Rodríguez		Asinado	28/07/2023 12:36:08
	Director/a Departamento Letras - María Teresa López Fernández		Asinado	28/07/2023 12:34:59
Observacións			Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0Kqw47Z9UoIr/Zc4fpKagA==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



(0,2 puntos), a participación no PAT (0,3 puntos) e a coordinación do convenio de Holy Cross durante un ano e 3 meses (0,62 puntos).

Cabe sinalar que do marco normativo vixente non é deducíbel que os méritos alegados pola reclamante e que non estean contemplados especificamente no baremo teñan que ser puntuados, quedando este extremo á discrecionalidade técnica da comisión.

2.5. Libros, capítulos de libros (IV.4)

O baremo establece que a valoración máxima concedida a un capítulo de libro será de 1 punto e que se terán en conta como criterios de calidade na valoración "o número de citas, o prestixio da editorial, os editores, a colección en que se publica a obra, as recensións nas revistas científicas especializadas e as traducións a outras linguas". Os criterios aprobados pola comisión sinalaban para os méritos noutras áreas diferentes á Lingua española, en concreto nas de Lingüística Xeral, a Literatura Española e a Didáctica da Lingua Española, serán valorados como máximo co 40 %.

Os contidos do capítulo alegado pola reclamante (de título "Japón escondido: cosas muy notables en las cartas de las Indias") non poden ser considerados da área de Lingua Española. O capítulo contén, dun total de 16 páxinas, 5 de edición dunha carta que en ningún caso pode encadrarse dentro do concepto de edición crítica, tal e como é definida no baremo e recoñecida polo consenso académico ("edicións críticas acompañadas do aparato de variantes textuais, da pertinente análise codicolóxica e dun estudo razoado da fixación do texto, coas notas a este"), pois carece de todos os elementos definitorios desa condición.

Por todo o anterior, a comisión valorou a achega da reclamante con 0,4 puntos, a máxima para os méritos nas áreas de Lingüística Xeral, Literatura Española e Didáctica da Lingua e da Literatura.

2.6. Proxectos de investigación (V.4.1)

A reclamante sinala que non foi valorada a participación nun proxecto financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación do Goberno de España.

Para xustificar a participación en proxectos de investigación, a normativa indica que "É imprescindible presentar un certificado de financiamento emitido polo organismo que o concede, ou polo órgano competente da reitoría da correspondente universidade". O documento presentado non se axusta ás características requiridas pola normativa, pois foi emitido pola IP do proxecto en cuestión.

2.7. Organización de congresos e simposios (V.6)

A reclamante alega que non foi valorada a organización de tres seminarios. Ao tratarse de seminarios, os méritos alegados non se corresponden cos definidos no baremo para esta sección, sempre referidos á organización de congresos e simposios.

2.8. Outros méritos (V.7)

A reclamante realiza xuízos de valor, non unha reclamación razoada. Proba disto é que considera, globalmente, que debería serlle concedida á máxima puntuación, sen explicar en que sustenta esa consideración. Cabe indicar, de novo, que do marco normativo vixente non é deducíbel que os méritos alegados pola reclamante e que non estean contemplados especificamente no baremo teñan que ser puntuados, quedando este extremo á discrecionalidade técnica da comisión.

Código Seguro De Verificación	0Kqw47Z9UoIr/Zc4fpKagA==		
Asinado Por	Decano/a Facultade de Filoloxía - Félix Córdoba Rodríguez	Estado	Asinado
Observacións	Director/a Departamento Letras - María Teresa López Fernández	Data e hora	28/07/2023 12:36:08
Uri De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0Kqw47Z9UoIr/Zc4fpKagA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



O baremo establece que nesta sección "Poden incluírse, entre outros, ser avaliador de publicacións periódicas, a avaliación como investigador da ANEP, formar parte de comisións avaliadoras de proxectos".

Consoante co rango de méritos fixados normativamente, nesta sección a comisión valorou a avaliación de 4 artigos para publicacións periódicas, segundo a categoría da revista, con 0,15 puntos ($0,15 \times 4 = 0,60$ puntos), a secretaría da *Revista de Lexicografía* (0,40 puntos) e a organización de tres seminarios ($0,10 \times 3 = 0,3$ puntos), cun resultado global de 1,3 puntos.

Na Coruña a 28 de xullo de 2023.

A secretaria

Vº Bº O presidente

Teresa López

Félix Córdoba

Código Seguro De Verificación	0Kqw47Z9UoIr/Zc4fpKagA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Filoloxía - Félix Córdoba Rodríguez	Asinado	28/07/2023 12:36:08
	Director/a Departamento Letras - María Teresa López Fernández	Asinado	28/07/2023 12:34:59
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0Kqw47Z9UoIr/Zc4fpKagA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

